

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN PEÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2018

EXPEDIENTE: 2018/G003/000122

ANTECEDENTES:

A Orde do 31/12/2017 establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (DOG núm. 26 do 6 de febreiro).

O Concello de Moeche presentou unha solicitude de subvención ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o dito Programa Aprol Rural 2018. Achegou unha memoria da obra ou servizo presentada, que describe as necesidades de contratación para o dito programa.

Por Resolución de concesión da subvención de referencia, emitida polo xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria con data 28/05/2018, rexistro de entrada núm. 626 do 29/05/2018, se lle concede a este Concello unha subvención para a contratación dun peón baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo a tempo completo por un período de 9 meses para a realización das obras/servizos:

- Limpeza forestal

Na dita resolución sinala que a data límite para a formalización da contratación é o día 01/07/2018

Considerando a necesidade de aprobar as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a contratación temporal dun peón durante nove meses ao abeiro da Orde do 31/12/2017

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: aprobar as bases, segundo o anexo que se acompaña, e a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso, dun peón para a obra/servizo " ;Limpeza forestal", por un período de nove meses a xornada completa.

SEGUNDO: publicar as bases no taboleiro de anuncios e páxina web do concello.

TERCEIRO: consignar o gasto á partida 43013100

CUARTO: remitir a oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de As Pontes de García Rodríguez.

ANEXO

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN DURANTE NOVE MESES AO ABEIRO DA ORDE DO 31/12/2017 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA QUE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O ANO 2018 (DOG núm. 26 do 6 de febreiro) PARA A OBRA/SERVIZO “LIMPEZA FORESTAL”

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a contratación de persoal laboral temporal, que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da orde do 31/12/2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

Número de contratacións 1

Ocupación Peón

Grupo de cotización 10

Obra/servizo Limpeza forestal

Duración 9 meses a xornada completa

As retribucións conformes coa subvención concedida.

A selección dos traballadores realizarase mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 14 da orde do 31 de decembro de 2017 e polo sistema de concurso.

Período de proba: establécese un período de proba de 15 días para o correcto desenvolvemento das funcións.

Réxime xurídico

A normativa de aplicación vén determinada pola seguinte lexislación:

Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

públicas. 

Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do xector público.

SEGUNDA: MODALIDADE DO CONTRATO

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15 da Orde do 31/12/2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

TERCEIRA: REQUISITOS DAS/OS ASPIRANTES

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Requisitos específicos

- a) posuír o permiso de conducir B para poder exercer as funcións encomendadas.
- b) ser persoa desempregada inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
- c) ser candidato/a preseleccionado e remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a oferta de emprego presentada na oficina do Servizo Público de Emprego das Pontes de García Rodríguez.
- d) non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas na orde de referencia os traballadores e as traballadoras que foran contratados, por un período igual ou superior a nove

meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas

Os requisitos específicos b, c e d son requisitos específicos que esixe a propia Orde do 31/12/2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG 06/02/2018).

CUARTA: FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATOS/AS

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14º da Orde do 31/12/2017, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Moeche e na súa páxina web www.moeche.gal

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego, para a súa presentación no Concello de Moeche, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos relacionándose no anexo II), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable). Ademais presentarán o anexo III coa acreditación correspondente segundo ao colectivo prioritario ao que pertenza (certificado de padrón, informe Servizo Público de Emprego, informe Servizos Sociais municipais, certificado de rentas, etc).

QUINTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Despois da presentación de todos os candidatos/as incluídos na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, a Alcaldía ditará unha resolución, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios e páxina web (www.moeche.gal) do Concello de Moeche, indicarase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 2 días hábiles, que se publicará no taboleiro de anuncios e páxina web (www.moeche.gal) do Concello de Moeche, na que se sinalará a composición do tribunal, e a data e hora na que se constituirá o tribunal. No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará constituído por:

Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Moeche e páxina web.

SÉTIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da orde do 31/12/2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras. Valoración de méritos.

Os méritos que se valoran deberán acreditarse mediante orixinais ou copia compulsada. A puntuación máxima no baremo de méritos non excederá de 15 puntos.

A) Criterios específicos. Colectivos prioritarios: máximo 10 puntos

Terán preferencia (segundo o artigo 14 da Orde do 31/12/2017), en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

A) Un punto por pertencer a cada un destes grupos ata un máximo de 3 puntos

- 1 Mulleres. 1 punto Aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero incrementará a puntuación en 0,50 puntos.
- 2 Persoas paradas de longa duración. 1 punto (período mínimo 12 meses)
- 3 Persoas con discapacidade, debidamente acreditada. 1 punto
- 4 Persoas desempregadas maiores de 45 anos. 1 punto

- B) Dous puntos por pertencer a cada un destes grupos ata un máximo de 2 puntos
- 1) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. 2 puntos
 - 2) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. 2 puntos
 - 3) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. 2 puntos

C) A existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. 1 punto por persoa a cargo, ata un máximo de 3 puntos. Requírese acreditación documental: libro de familia, certificado de convivencia, certificados de pensións, certificados oficina emprego, servizos sociais municipais, etc.

D) O menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias. Ata 2 puntos. Acreditado mediante informe de servizos sociais a través dunha entrevista persoal co candidato/a de carácter obrigatorio. As persoas candidatas que non asistan á entrevista coa técnica municipal dos Servizos Sociais quedarán excluídas do proceso selectivo.

B) Formación: ata un máximo de 5 puntos

* Cursos relacionados coa actividade obxecto de contratación a prestar no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 4,50 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

-Cursos de 10 horas a 40 horas: 0,25 puntos.

-Cursos de 41 horas a 75 horas: 0,60 puntos.-Cursos de 76 horas a 100 horas: 0,80 puntos.

-Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos.

* Coñecemento do idioma galego: Ata un máximo de 0.50. Computándose unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so aos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

-Celga 1: 0,10 puntos.

-Celga 2: 0,20 puntos.

-Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,30 puntos.

-Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 0,50 puntos.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, terase en conta o candidato/a con máis puntuación no apartado D) de colectivos prioritarios e a seguir no apartado C)

OITAVA: RELACIÓN DE CANDIDATOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes ao posto de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web, os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA: INCIDENCIAS

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

DÉCIMA: LISTA DE RESERVA

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respetando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, referentes ao mesmo programa da consellería.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación. No caso de que un aspirante sexa chamado e rexeite a contratación, pasará ao derradeiro lugar da lista.

Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Moeche, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das

persoas aspirantes, así como a provisión de postos e elaboración das bolsas de traballo. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesión autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Normas finais

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Recursos

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo. Se se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

ANEXO I (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

_____, con DNI núm. _____, e
 domicilio para efectos de notificación en
 _____, teléfono
 núm. _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**PRIMEIRO:**

a) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

1) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

2) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

3) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

4) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

5) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

b) Que reúno os requisitos específicos desta convocatoria

SEGUNDO. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rixen o proceso de selección para peón.

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría peón.

Moeche, de de 2018

O/A solicitante

Asdo.:

ANEXO II (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS ACHEGADOS E ACREDITADOS)

_____, con DNI núm. _____, e domicilio para efectos de notificación en _____, teléfono núm. _____, presento a seguinte relación detallada de méritos

FORMACIÓN

Denominación	Centro de impartición	N.º horas

IDIOMA GALEGO

Curso/titulación/homologación

Moeche, de _____ de 2018

O/A solicitante

ANEXO III COLECTIVOS PRIORITARIOS

_____, con DNI núm. _____, e
 domicilio para efectos de notificación en
 _____, teléfono
 núm. _____, presento a xustificación correspondente aos colectivos prioritarios

Colectivo prioritario	Acreditación
1) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.	
2) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.	
3) Persoas paradas de longa duración.	
4d) Persoas con discapacidade, debidamente acreditada.	
5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	
6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.	
7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.	
8) o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias.	
9) a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.	

Moeche, de de 2018

O/A solicitante

Asdo.:

En Moeche, mércores 13 de xuño de 2018.

A alcaldesa,

Beatriz Bascoy Maceiras